

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E LES ENTREPRENEURS DE L'AUDIOVISUEL EUROPÉEN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS NO ÁMBITO AUDIOVISUAL, CONCRETADAS NA CELEBRACIÓN DO TERCEIRO TALLER DO DENOMINADO "EAVE PRODUCERS WORKSHOP PROGRAMME" NA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar con **Les Entrepreneurs de l'Audiovisuel Européen, a.s.b.l.**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data de sinatura ata o 20 de decembro de 2018.**


Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento de accións formativas e de *networking* no ámbito audiovisual, concretadas na celebración en Santiago de Compostela, no mes de outubro de 2018, do terceiro taller correspondente ao programa *EAVE Producers Workshop 2018*, de sete días de duración, especializado no desenvolvemento de proxectos audiovisuais de ficción e documental, e cunha das súas ramas orientada especialmente para produtores locais a través do EAVE@SantiagodeCompostela, formato específico que combinará a longa experiencia que EAVE ten no contexto internacional cun enfoque a medida para as produtoras de Galicia, adaptado ás súas necesidades. O obxectivo é mellorar a capacidade dos participantes no financiamento e xestión de proxectos en réxime de coprodución para poder afrontar a realidade do mercado mundial.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O *EAVE Producers Workshop Programme* é un taller de formación pioneiro en Europa dirixido a produtores audiovisuais que desexen ampliar coñecementos neste ámbito e pretendan formar parte dunha rede de contactos estratéxica, que neste momento integra a máis de 1.400 profesionais, para desenvolver a súa actividade a nivel mundial. Acolle tamén a profesionais provenientes doutros





ámbitos asociados ao sector como xestores de fondos, asesores legais e financeiros e representantes de festivais e mercados.

O programa formativo desenvólvese anualmente a través de tres talleres en distintas sedes e mediante un proceso de selección e admisión de participantes. Santiago de Compostela acollerá o terceiro e último taller de 2018, no que se darán cita, ademais dos produtores seleccionados, profesionais expertos no desenvolvemento de proxectos audiovisuais, así como asesores de recoñecido prestixio internacional, ofreciendo un acceso directo aos máximos responsables na toma de decisións do ámbito audiovisual europeo.

A Agadic, que promove actividades formativas co fin de contribuír á actualización permanente de coñecemento e fomentar as relacións de negocio, entende que o *EAVE Producers Workshop Programme* é un programa formativo idóneo e que se adapta perfectamente ás necesidades e estratexias de futuro do sector audiovisual galego, de aí que considere altamente conveniente colaborar cos organizadores para celebrar en Santiago de Compostela o terceiro taller de formación do *EAVE Producers Workshop 2018*.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

